



O Festival Galicreques despídese das rúas compostelás

Logo dunha semana de intensas actuacións e éxitos, o xa tradicional encontro pecha o pano até o vindeiro ano. **Pax. 24**



O CGAI proxecta o falso documental 'Cousas de Kulechov'

Premiada en Lugo e Brasil entre outros, a cinta indaga nos límites da ficción cunha hipotética invasión do país. **Pax. 24**

As discográficas agoíran o final do CD e a creba económica

As vendas caeron máis da metade en España entre 2001 e 2006 e o terzo das compañías viron obrigadas a pechar. **Pax. 25**

maré Hoxe

maré.hoxe@diaria-hoxe.com



Un exemplar de corvo mariño cristado que se atopa en perigo ameazado polas redes

O corvo mariño cristado, o sisón, o alcaraván ou a avefría son algunhas das especies con hábitats en Galicia ameazadas pola "falta de compromiso" coa conservación do patrimonio natural galego

Día Mundial das Aves Silvestres

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) manifestou ante a súa preocupación ante o "deficiente estado de conservación" de "numerosas especies de aves ameazadas" na comunidade e cualificou Galicia como un "país subdesenvolvido" en materia de conservación da natureza.

Así mesmo, COBGA lamentou, con motivo da celebración do Día Mundial das Aves Silvestres, a "continua falta de sensibilidade" da Administración autonómica, "sexada cor política que sexa", para resolver "os problemas reais e concretos" de conservación que "está a sufrir a biodiversidade galega".

Neste sentido, COBGA pediu ao executivo local e autonómico, aos representantes sindicais, e ás entidades agrarias e ecoloxistas "responsabilidade, intelixencia e sentido común" neste tema. Ademais, recordoulle ao Goberno autonómico que "foi incapaz, cando era posible", de evitar a desaparición de poboacións reproductivas viábeis de arao e de pita do monte, actualmente "ecoloxicamente extintas".

Así mesmo, o Colexio Oficial sinalou o perigo no que se atopan especies como o corvo mariño cristado, ameazado polas redes, o sisón, a aguía real, o alcaraván e a avefría, entre outros. O COBGA manifestou ademais a súa "perplexidade" ante a "grave situación á que se está a chegar" en relación coa declaración da bisbarra de A Limia como Zona

de Especial Protección para as aves (ZEPA), e que interpretou como unha "enorme falta de compromiso" coa conservación do patrimonio natural galego.

Os biólogos declararon que este debería ser "un día de celebración do gran valor das aves silvestres e dos logros acadados cara á súa conservación", pero a realidade galega fai que sexa "máis urxente a denuncia dos múltiples compromisos tanto nacionais como internacionalmente que incumpriron os principais responsables da conservación da nosa biodiversidade, que comprometen de xeito inaceptable a supervivencia d' unha parte significativa desas aves".

Por outra banda, a organización ornitolóxica SEO-BirdLife chamou ante a atención sobre a importancia que ten preservar as aves como un gran bioindicador do estado de conservación dos ecosistemas naturais.

José Manuel Hernández, membro da Sociedade Española de Ornitoloxía (SEO), resaltou o papel útil que teñen as aves porque, dixo: "seguíndoas, estudándoas e vendo como evolucionan as súas poboacións, podemos obter información certa sobre o estado de saúde do noso medio ambiente".

Os Parques Nacionais de Cabañeros e As Tablas de Daimiel e a Lagoa da Veigulla, en Alcázar de San Juan, foron os escenarios nos que se celebrou o Día Mundial das Aves. ● RE-